

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 16 DE ABRIL DE 2009.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas do día dezaséis de abril do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Antonio Bouza Rey, D^a. Carolina Cruz Fernández, D. José Juan Roca Lorenzo e D^a. Angeles Díaz Prados. Asiste tamén a interventora, Dna. Vanessa Garcia Barreiro

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 02.04.2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día 2 de abril de 2009.

Deseguido e ó amparo do disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal, polo Sr. Alcalde-Presidente propónse a inclusión, por razón da urxencia, dos seguintes asuntos:

- a) ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE “URBANIZACIÓN CALLE MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA. MUGARDOS” INCLUÍDAS NO FONDO DE INVERSIÓN LOCAL.
- b) RECTIFICACIÓN DE ERRO NA PARTIDA DE APROBACIÓN DO GASTO DA ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO DE REVISION DO P.X.O.M., e tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, acorda declarar de urxencia os asuntos e incluílos na orde do día como puntos núm. 9 e 10, respectivamente.

2.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 9 das obras de “PISCINA CUBERTA PARA OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS”, das que é adxudicatario D. OBRAS Y CONTRATAS AEDES S.L., por importe de TRESCENTOS TRINTA E NOVE MIL SESENTA E NOVE EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (339.069,74 €), con cargo á partida 2008.1.452.0.62200 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Remitir o presente acordo e a citada certificación á Excma. Deputación Provincial - Sección Patrimonio e Contratación - aos efectos da xustificación do convenio de colaboración asinado entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e os Concellos de Mugar dos e Ares para financiar as obras incluídas no proxecto básico e de execución da piscina cuberta climatizada compartida Ares-Mugar dos (Nº. 320/2006).

3º.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Ares para o seu coñecemento e efectos.

3.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE “REPARACIÓN DE FIRME, AMPLIACIÓN Y DOTACIÓN DE ACERAS Y SERVICIOS EN LA RÚA DOS CASÁS. MUGARDOS” INCLUÍDAS NO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL.

Tendo en conta a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación a favor de D. AUXILIAR Y GENERAL DE SERVICIOS (GAUXS) S.L., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente as obras de “REPARACIÓN DE FIRME, AMPLIACIÓN Y DOTACIÓN DE ACERAS Y SERVICIOS EN LA RÚA DOS CASÁS. MUGARDOS”, incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local, a D. AUXILIAR Y GENERAL DE SERVICIOS (GAUXS) S.L., no prezo desglosado que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 267.606,90 €

B) I.V.E.: 42.817,10 €

C) Total (A + B): 310.424,00 €

tendo en conta a necesidade de contratación das citadas obras para dotar á zona das melloras que se describen no proxecto técnico e ser ésta a oferta máis ventaxosa para o Concello.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2009.0.432.0.60104 do orzamento vixente.

3º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

4º.- Requerir ao adxudicatario provisional para que no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique o acordo no B.O.P. constitúa a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, isto é, 13.380,34 euros, e presente a documentación esixida na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.

5º.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario provisional e ao resto dos licitadores.

INCIDENCIA: Faise constar que neste momento, antes de pasar ao seguinte punto, a concelleira sra. Diaz Prados manifesta que se vai abster na votación dos puntos restantes porque non lle deu tempo a mirar os expedientes.

4.- LICENZA DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS PARA APERTURA E FUNCIONAMIENTO DE BAR, A INSTALAR NA AVDA. DO MAR, Nº 19-BAIXO, A INSTANCIA DE ESTUDIO DE ARQUITECTURA Y URBANISMO XCALE S.L.L.: RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E INFORME DA ACTIVIDADE.

Vistos os escritos de alegacións presentados e recollidos no certificado do resultado da exposición pública, e visto así mesmo, o informe emitido pola arquitecta técnica municipal, en data 27.01.2009, -trala inspección visual ao local-, e obrante no expediente.

E tendo en conta o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, así como a proposta formulada polo concelleiro de urbanismo e industria, en data 17.02.09, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por catro votos a favor e unha abstención da concelleira sra. Díaz Prados, ACORDA:

Primeiro.- Desestimar as seguintes alegacións:

- **D. MARCO ANTONIO GELPI VILLARES (N.R.E. 4.196/06.08.2008)**, polos seguintes motivos:

Punto 1 no que o alegante, en síntese di: *“Que o proxecto que acompaña á devandita solicitude, asinado pola arquitecta Dna. Elia Estraviz Prado, refírese a unha superficie total construída de 161,85 m² sobre a que se basea o devandito proxecto e solicitude; o que non se corresponde en absoluto cos datos que este inmovible figuran no Rexistro da Propiedade de Pontedeume, onde se describe o baixo da Avda. do Mar nº 19, Mugaros, como un local comercial de 85 m² cun patio anexo na parte traseira do edificio”*.

Desestímase, trala comprobación pola arquitecta técnica municipal, de que a superficie existente é a que aparece reflectida no proxecto, é dicir 161,85 m².

Punto 2 no que o alegante, en síntese di: *“Que aproximadamente, a metade da superficie de 161,85 m² a que se refire o citado proxecto enmárcase nunha construción ilegal, posterior en varios anos ao edificio, que define unha terraza anexa ao primeiro piso. Esta construción, para a que non se solicitou licenza no seu día, presenta ao meu entender, importantes riscos de humidade e signos perceptibles de abandono nos elementos que a sustentan”*

Desestímase, trala comprobación pola arquitecta técnica municipal, de que a antigüidade data segundo o catastro do ano 1969, e a do baixo na súa parte posterior, estímase que ten unha antigüidade superior a 6 anos; polo tanto, debido á antigüidade das obras non procede apertura de expediente de infracción.

Así mesmo, salvo vicios ocultos aparentemente o local cumpre as condicións de resistencia para un local público, feito que deberá certificar o arquitecto director, en certificado expedido para tal efecto, que deberá ser previo ou simultáneo ao final de obra.

Punto 3 no que o alegante, en síntese di: *“Que no mesmo proxecto a que me refiro nos dous primeiros puntos, non se fai referencia a elementos do inmovible, como un pozo artesano que, con frecuencia, atópase desbordado”*

Desestímase, xa que existe un pozo artesano ou manantial que coas obras, deberase de selar e canalizar. Para tal efecto deberá solicitar licenza de obras menor.

Punto 4 no que o alegante, en síntese di: *“Que o concello de Mugaros comunicoume a min, como colindante, a existencia da mencionada solicitude con data 28 de xullo de 2008, para que faga as observacións que considere oportunas; época na que, pola acumulación de días festivos e pola proximidade do mes de agosto, resulta sumamente difícil conseguir*

asesoría técnica e xurídica. Sumadas estas circunstancias ás presuntas irregularidades urbanísticas que teñen afectado ao concello de Mugardos e de que se teñen feito amplo eco os medio de comunicación dende decembro de 2007, como cidadán e veciño desta localidade experimento unha sensación de trato desigual por parte do Concello e de inseguridade polo que respecta á defensa dos meus intereses e dos meus dereitos”

Desestímase, xa que o periodo de alegacións foi do 7 ao 18 de novembro de 2008, sendo notificados o 29 de xullo, polo tanto, periodo suficiente para presentar alegacións.

- **D. RAMIRO PÉREZ PRADO (N.R.E. 4.197/06.08.2008)**, polos seguintes motivos:

Punto 1 no que o alegante, en síntese di: *“Que o proxecto que acompaña á devandita solicitude, asinado pola arquitecta Dna. Elia Estraviz Prado, refírese a unha superficie total construída de 161,85 m² sobre a que se basea o devandito proxecto e solicitude; o que non se corresponde en absoluto cos datos que este inmovible figuran no Rexistro da Propiedade de Pontedeume, onde se describe o baixo da Avda. do Mar nº 19, Mugardos, como un local comercial de 85 m² cun patio anexo na parte traseira do edificio”*.

Desestímase, trala comprobación pola arquitecta técnica municipal, de que a superficie existente é a que aparece reflectida no proxecto, é dicir 161,85 m².

Punto 2 no que o alegante, en síntese di: *“Que aproximadamente, a metade da superficie de 161,85 m² a que se refire o citado proxecto enmárcase nunha construción ilegal, posterior en varios anos ao edificio, que define unha terraza anexa ao primeiro piso. Esta construción, para a que non se solicitou licenza no seu día, presenta ao meu entender, importantes riscos de humidade e signos perceptibles de abandono nos elementos que a sustentan”*

Desestímase, trala comprobación pola arquitecta técnica municipal, de que a antigüidade data segundo o catastro do ano 1969, e a do baixo na súa parte posterior, estímase que ten unha antigüidade superior a 6 anos; polo tanto, debido á antigüidade das obras non procede apertura de expediente de infracción.

Así mesmo, salvo vicios ocultos aparentemente o local cumpre as condicións de resistencia para un local público, feito que deberá certificar o arquitecto director, en certificado expedido para tal efecto, que deberá ser previo ou simultáneo ao final de obra.

Punto 3 no que o alegante, en síntese di: *“Que no mesmo proxecto a que me refiro nos dous primeiros puntos, non se fai referencia a elementos do inmovible, como un pozo artesano que, con frecuencia, atópase desbordado”*

Desestímase, xa que existe un pozo artesano ou manantial que coas obras, deberase de selar e canalizar. Para tal efecto deberá solicitar licenza de obras menor.

Punto 4 no que o alegante, en síntese di: *“Que o concello de Mugardos comunicoume a min, como colindante, a existencia da mencionada solicitude con data 28 de xullo de 2008, para que faga as observacións que considere oportunas; época na que, pola acumulación de días festivos e pola proximidade do mes de agosto, resulta sumamente difícil conseguir asesoría técnica e xurídica. Sumadas estas circunstancias ás presuntas irregularidades urbanísticas que teñen afectado ao concello de Mugardos e de que se teñen feito amplo eco os medio de comunicación dende decembro de 2007, como cidadán e veciño desta localidade experimento unha sensación de trato desigual por parte do Concello e de inseguridade polo*

que respecta á defensa dos meus intereses e dos meus dereitos”

Desestímase, xa que o periodo de alegacións foi do 7 ao 18 de novembro de 2008, sendo notificados o 29 de xullo, polo tanto, periodo suficiente para presentar alegacións.

- **Dna. M^a ELVIRA CARTELLE VILAR (N.R.E. 4.198/06.08.2008)**, polos seguintes motivos:

Punto 1 no que a alegante, en síntese di: *“Que o proxecto que acompaña á devandita solicitude, asinado pola arquitecta Dna. Elia Estraviz Prado, refírese a unha superficie total construída de 161,85 m² sobre a que se basea o devandito proxecto e solicitude; o que non se corresponde en absoluto cos datos que este inmovible figuran no Rexistro da Propiedade de Pontedeume, onde se describe o baixo da Avda. do Mar nº 19, Mugaros, como un local comercial de 85 m² cun patio anexo na parte traseira do edificio”*.

Desestímase, trala comprobación pola arquitecta técnica municipal, de que a superficie existente é a que aparece reflectida no proxecto, é dicir 161,85 m².

Punto 2 no que a alegante, en síntese di: *“Que aproximadamente, a metade da superficie de 161,85 m² a que se refire o citado proxecto enmárcase nunha construción ilegal, posterior en varios anos ao edificio, que define unha terraza anexa ao primeiro piso. Esta construción, para a que non se solicitou licenza no seu día, presenta ao meu entender, importantes riscos de humidade e signos perceptibles de abandono nos elementos que a sustentan”*

Desestímase, trala comprobación pola arquitecta técnica municipal, de que a antigüidade data segundo o catastro do ano 1969, e a do baixo na súa parte posterior, estímase que ten unha antigüidade superior a 6 anos; polo tanto, debido á antigüidade das obras non procede apertura de expediente de infracción.

Así mesmo, salvo vicios ocultos aparentemente o local cumpre as condicións de resistencia para un local público, feito que deberá certificar o arquitecto director, en certificado expedido para tal efecto, que deberá ser previo ou simultáneo ao final de obra.

Punto 3 no que a alegante, en síntese di: *“Que no mesmo proxecto a que me refiro nos dous primeiros puntos, non se fai referencia a elementos do inmovible, como un pozo artesano que, con frecuencia, atópase desbordado”*

Desestímase, xa que existe un pozo artesano ou manantial que coas obras, deberase de selar e canalizar. Para tal efecto deberá solicitar licenza de obras menor.

Punto 4 no que a alegante, en síntese di: *“Que o concello de Mugaros comunicoume a min, como colindante, a existencia da mencionada solicitude con data 28 de xullo de 2008, para que faga as observacións que considere oportunas; época na que, pola acumulación de días festivos e pola proximidade do mes de agosto, resulta sumamente difícil conseguir asesoría técnica e xurídica. Sumadas estas circunstancias ás presuntas irregularidades urbanísticas que teñen afectado ao concello de Mugaros e de que se teñen feito amplo eco os medio de comunicación dende decembro de 2007, como cidadán e veciño desta localidade experimento unha sensación de trato desigual por parte do Concello e de inseguridade polo que respecta á defensa dos meus intereses e dos meus dereitos”*

Desestímase, xa que o periodo de alegacións foi do 7 ao 18 de novembro de 2008, sendo notificados o 29 de xullo, polo tanto, periodo suficiente para presentar alegacións.

- **D. ANTONIO GARCÍA GARCÍA (N.R.E. 4.199/06.08.2008)**, polos seguintes motivos:

Punto 1 no que o alegante, en síntese di: *“Que o proxecto que acompaña á devandita solicitude, asinado pola arquitecta Dna. Elia Estraviz Prado, refírese a unha superficie total construída de 161,85 m² sobre a que se basea o devandito proxecto e solicitude; o que non se corresponde en absoluto cos datos que este inmovible figuran no Rexistro da Propiedade de Pontedeume, onde se describe o baixo da Avda. do Mar nº 19, Mugar dos, como un local comercial de 85 m² cun patio anexo na parte traseira do edificio”*.

Desestímase, trala comprobación pola arquitecta técnica municipal, de que a superficie existente é a que aparece reflectida no proxecto, é dicir 161,85 m².

Punto 2 no que o alegante, en síntese di: *“Que aproximadamente, a metade da superficie de 161,85 m² a que se refire o citado proxecto enmárcase nunha construción ilegal, posterior en varios anos ao edificio, que define unha terraza anexa ao primeiro piso. Esta construción, para a que non se solicitou licenza no seu día, presenta ao meu entender, importantes riscos de humidade e signos perceptibles de abandono nos elementos que a sustentan”*

Desestímase, trala comprobación pola arquitecta técnica municipal, de que a antigüidade data segundo o catastro do ano 1969, e a do baixo na súa parte posterior, estímase que ten unha antigüidade superior a 6 anos; polo tanto, debido á antigüidade das obras non procede apertura de expediente de infracción.

Así mesmo, salvo vicios ocultos aparentemente o local cumpre as condicións de resistencia para un local público, feito que deberá certificar o arquitecto director, en certificado expedido para tal efecto, que deberá ser previo ou simultáneo ao final de obra.

Punto 3 no que o alegante, en síntese di: *“Que no mesmo proxecto a que me refiro nos dous primeiros puntos, non se fai referencia a elementos do inmovible, como un pozo artesano que, con frecuencia, atópase desbordado”*

Desestímase, xa que existe un pozo artesano ou manantial que coas obras, deberase de selar e canalizar. Para tal efecto deberá solicitar licenza de obras menor.

Punto 4 no que o alegante, en síntese di: *“Que o concello de Mugar dos comunicoume a min, como colindante, a existencia da mencionada solicitude con data 28 de xullo de 2008, para que faga as observacións que considere oportunas; época na que, pola acumulación de días festivos e pola proximidade do mes de agosto, resulta sumamente difícil conseguir asesoría técnica e xurídica. Sumadas estas circunstancias ás presuntas irregularidades urbanísticas que teñen afectado ao concello de Mugar dos e de que se teñen feito amplo eco os medio de comunicación dende decembro de 2007, como cidadán e veciño desta localidade experimento unha sensación de trato desigual por parte do Concello e de inseguridade polo que respecta á defensa dos meus intereses e dos meus dereitos”*

Desestímase, xa que o periodo de alegacións foi do 7 ao 18 de novembro de 2008, sendo notificados o 29 de xullo, polo tanto, periodo suficiente para presentar alegacións.

Segundo.- Aprobar e dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, para os efectos previstos no art. 33 Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Actividades, Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.

5.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por catro votos a favor e unha abstención da concelleira sra. Díaz Prados, acorda conceder, sen perxuício de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

- **Dna. JOSEFINA SALIDO PEREIRA (EXPTE. 20/2009), segundo solicitude de data 2 de febreiro de 2009**, para obras menores, en R/ Alta nº 4, referencia catastral: 0222003NJ6102S. Dacordo coa autorización da Consellería de Cultura e Deporte, Sección de Patrimonio Histórico de data 31.03.2009, obrante no expediente.

As obras consistirán en:

- Demolicións, anexo exterior e galería.
- Cuberta, canalóns e baixantes.
- Carpintería exterior.
- Albanelería.
- Solados.
- Pinturas e revestimentos.

As obras non suporán incremento de volume nin obras de formigón armado.

Os andamios deberán de presentar Estudio Básico de Seguridade e Saúde de montaxe e desmontaxe de andamios, que deberá de incluír:

- Plano de situación a escala mínima de 1/500 da ocupación en pranta do andamio, onde aparecerá delimitada a vivenda e a zona pública de ocupación, así como os viais e beirarrúas.
- Coordinador ou director de obra.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

O edificio atópase fóra de ordenación por criterios estéticos segundo o artigo 203 do vixente PXOM, mediante a presente reforma debería subsanar o fóra de ordenación.

Tendo en conta o artigo 49.2 do PXOM, as obras permitidas en edificios fóra de ordenación serán: “*as de conservación, mantemento e as de reforma menor,...*”

Tendo en conta o artigo 49.2 do PXOM, as obras permitidas en edificios fóra de ordenación serán: “*as que vaian dirixidas a eliminar as causas determinantes da situación de*

fóra de ordenación, cando esta sexa subsanable.”

As obras arriba indicadas subsanan o fóra de ordenación.

Deberá de ter en conta o criterio de composición das fachadas dacordo ao artigo 203 do PXOM:

“As fachadas exteriores, segundo criterios aprobados polo Concello, terán na súa composición as seguintes características tradicionais:

- *Contarán con ocos de eixo vertical dominante que formarán balcóns ou galerías; as varandas serán de balaustre ou ferraxería análogos ás do seu contorno.*
- *A cuberta regularase nas condicións establecidas no art. 84. Resolverase a base dos materiais tradicionais da zona (tella curva árabe), terá un saliente máximo no aleiro non superior a 30 cm. sobre o voo máximo permitido segundo o ancho da rúa e a súa pendente non superará en ningún caso os 30 grados sexagesimais, sen exceder en ningún caso dos 3,60 m. de altura máxima de cumio. Prohíbense os petos en fachadas.*
- *Permítense os aproveitamentos baixo cuberta para uso residencial vencellado a vivendas da planta inferior, dentro do sólido definido no apartado anterior.*
- *A construción de sotos ou semisotos, e a das plantas baixas non residenciais, deberán tratarse con solucións de deseño e composición unitarias, harmónicas co resto do edificio.*
- *As fachadas, remataranse en pedra natural da zona, en sillares ou chapados, non ostentosos nin brillantes. Os rebocos terán textura rugosa e cor asimilable á zona. Non se permitirán carpinterías con brillos metálicos, sempre coas cores do seu contorno. Permítense carpinterías e balaustres de madeira.*
- *As fachadas posteriores e as medianeiras seguirán na súa composición e estética as mesmas consideracións.*

- D. MANUEL VILAR REBÓN (EXPTE. 37/2009) segundo solicitude de data 17 de marzo de 2009, para cambio de ventás, en Avda. de Galicia nº 74, 4º D, referencia catastral: 0424030NJ6102S0012EA.

A parcela onde está situada a vivenda onde se vai realizar a obra está cualificada polo PXOM como Solo Urbano Denso (SU-D).

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- Dna. Mª JOSEFINA RODRÍGUEZ PAZOS (EXPTE. 33/2009) segundo solicitude de data 11 de marzo de 2009, para cambio de cuberta, en Camiño Grande nº 38, referencia catastral: 4600010NJ6049N.

O cambio da cuberta será nunha superficie de 70 m², substituíndo a existente, por fibrocemento e tella do país. Non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.

Autorízase tamén o cambio de carpintería de madeira por aluminio en 2 ventás.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

- **D. DOMINGO SÁNCHEZ FRANCO (EXPTE. 36/2009) segundo solicitude de data 17 de marzo de 2009**, para cambio de tuberías no cuarto de baño, en R/ Peteiro nº 1, 1º, referencia catastral: 0223301NJ6102S.

A parcela onde está situada a vivenda onde se vai realizar a obra está cualificada polo PXOM como Solo Urbano de Casco Antigo (SU-CA).

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

6.- DESIGNACIÓN DE RESPONSABLE/DIRECTOR/A DOS TRABALLOS DE REVISIÓN DO P.X.O.M.

A Xunta de Goberno Local, por catro votos a favor e unha abstención da concelleira sra. Diaz Prados, acorda deixar pendente o presente asunto.

7.- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.

Visto o escrito presentado pola empresa PASCUAL MARTINEZ S.L., interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garanti-la execución das obras de “SANEAMENTO EN O VILAR, 1ª E 2ª FASE-SEPARATA 2”, e tendo en conta o informe técnico emitido polo técnico director da obra no que se fai constar que, transcorrido o preceptivo prazo de garantía, as obras atópanse en perfectas condicións sen que se observe ningún defecto a remediar, a Xunta de Goberno Local, por catro votos a favor e unha abstención da concelleira sra. Diaz Prados, acorda estimar a solicitude presentada pola empresa PASCUAL MARTINEZ S.L., e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante aval de Caixa Galicia - núm. 171.984 - por importe de 7.026,08 euros (SETE MIL VINTE E SEIS EUROS CON OITO CENTIMOS).

8.- APROBACIÓN DO GASTO

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por catro votos a favor e unha abstención, da concelleira sra. Diaz Prados, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de Execución do Orzamento de 2008, coa aplicación presupostaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

Rex.	Fact	Partida	Proveedor e Concepto	Importe
639	8	2009.0.452.0.21200	CONSTRUCCIONES CONSBRAVI, S.L. REPARACION MURO DE BLOQUE POLIDEPORTIVO, COLEXIO CATRO CAMIÑOS	14.400,0 0 €

640	MG03/2009	2009.0.313.0.22718	ANA NAYA GARCIA, S.L. CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SP DE ATENCION A PRIMEIRA INFANCIA DE AS LAGOAS, MARZO	5.995,47 €
648	223	2009.0.611.0.22706	GAINTO, S.L. TRAMITACION 76 ALTAS EN IBI	3.950,32 €

2º.- Anular, por duplicidade, a factura de Antonio Ulloa Allones, aprobada pola Xunta de Goberno Local en data 04.12.2008, por importe de 4.872,00 euros.

9.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE “URBANIZACIÓN CALLE MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA. MUGARDOS” INCLUIDAS NO FONDO DE INVERSIÓN LOCAL.

Tendo en conta a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación a favor de D. CONSTRUCCIONES VALDOVIÑO S.L., a Xunta de Goberno Local, por catro votos a favor e unha abstención da concelleira sra. Diaz Prados, acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente as obras de “URBANIZACIÓN CALLE MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA. MUGARDOS”, incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local, a D. CONSTRUCCIONES VALDOVIÑO S.L., no prezo desglosado que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 321.695,69 €

B) I.V.E.: 51.471,31 €

C) Total (A + B): 373.167,00 €

tendo en conta a necesidade de contratación das citadas obras para dotar á zona das melloras que se describen no proxecto técnico e ser ésta a oferta máis ventaxosa para o Concello.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2009.0.432.0.60103 do orzamento vixente.

3º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

4º.- Requerir ao adxudicatario provisional para que no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique o acordo no B.O.P. constitúa a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 16.084,78 euros, e presente a documentación esixida na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.

5º.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario provisional e ao resto dos licitadores.

10.- RECTIFICACIÓN DE ERRO NA PARTIDA DE APROBACIÓN DO GASTO DA ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO DE REVISIÓN DO P.X.O.M.

Advertido erro no acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria realizada o día 02.04.2009 relativo ao punto núm. 3.- “ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DO CONCELLO DE MUGARDOS”, e concretamente no punto 2 do citado acordo, no que aparece reflexada unha partida presupostaria errónea, a Xunta de Goberno Local, por

catro votos a favor e unha abstención da concelleira sra. Diaz Prados, acorda rectificar o erro padecido e, en consecuencia, **donde dí:**

“2º.- Ratificar o acordo de aprobación do gasto, adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 19.02.09, desglosado en anualidades – ao abeiro do acordo adoptado polo Concello Pleno na sesión realizada o día 31.10.2008 - tal e como deseguido se indica:

<i>ANO</i>	<i>GASTO (euros)</i>
<i>2009</i>	<i>41.760</i>
<i>2010</i>	<i>41.760</i>
<i>2011</i>	<i>9.955,12</i>
<i>TOTAL</i>	<i>93.475,12</i>

*financiándose a anualidade correspondente ao ano 2009 con cargo á **partida 2009.0.432.0.60102** do orzamento vixente, prorrogado do 2008.”*

DEBE DECIR:

“2º.- Ratificar o acordo de aprobación do gasto, adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 19.02.09, desglosado en anualidades – ao abeiro do acordo adoptado polo Concello Pleno na sesión realizada o día 31.10.2008 - tal e como deseguido se indica:

<i>ANO</i>	<i>GASTO (euros)</i>
<i>2009</i>	<i>41.760</i>
<i>2010</i>	<i>41.760</i>
<i>2011</i>	<i>9.955,12</i>
<i>TOTAL</i>	<i>93.475,12</i>

*financiándose a anualidade correspondente ao ano 2009 con cargo á **partida 2009.0.432.0.227.06** do orzamento vixente, prorrogado do 2008.”*

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e vinte minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e prace
O ALCALDE